

### **Rosa Morán encabezará a lista coa que o PSOE protagonizará “o cambio político que necesita Cospeito e que porá fin a unha etapa ditatorial e ao inmovilismo dun Goberno paralizado e estático”**

A alcaldable volve aceptar este reto “con moita ilusión pero, sobre todo, con ganas de traballar porque somos a única alternativa que pode tomar o relevo e demostrar que existe outra forma de facer política, así como para tentar arranxar a situación á que se chegou nos últimos anos que, lamentablemente, nos levou a varios procesos xudiciais e a unha realidade económica catastrófica”

Para elo presentará unha candidatura coa que agarda acadar uns bos resultados electorais nas urnas, de tal xeito que a vindeira corporación será “un goberno aberto, que dará prioridade á participación cidadá”

“Rematou o tempo de ir coa cabeza agachada. Non me presento só co fin de gañar, preséntome tamén co fin de gobernar. Comprométome a traballar e a ofrecer un programa con propostas reais e executables que revertan o estancamento permanente no que se atopa Cospeito e que poñan fin á incertidume que viven os veciños, profundamente castigados polo recortes de servizos públicos do Partido Popular”, subraia

**COSPEITO, 18 DE ABRIL DE 2015.**-Rosa Morán encabezará a lista coa que o Partido Socialista de Cospeito se presentará ás eleccións municipais de maio, e coa que protagonizará “o cambio político que necesita este municipio da Terra Chá”, poñendo fin “a unha etapa ditatorial e centrada en intereses particulares e partidistas”.

Deste xeito, a alcaldable, que foi elixida por unanimidade polos seus compañeiros da executiva local, e que na actualidade é a voceira do grupo municipal do PSOE, agradece o apoio recibido e afirma que “volve aceptar este reto con moita ilusión pero, sobre todo, con ganas de traballar porque creo que somos a única alternativa que pode tomar o relevo a un Goberno paralizado, inmovilizado e estático, e non para facer o mesmo, senón para demostrar que se existe outra forma de facer política e para tentar arranxar a situación á que se chegou nos últimos que, lamentablemente, nos levou a varios procesos xudiciais e a unha realidade económica catastrófica”.

#### **“Goberno aberto, que dea prioridade á participación cidadá”**

Morán presentará unha candidatura coa que agarda acadar uns bos resultados electorais nas urnas, de tal xeito que a vindeira corporación será “un goberno aberto, que dará prioridade á participación cidadá”.

“Rematou o tempo de ir coa cabeza agachada. Non me presento só co fin de gañar, preséntome tamén co fin de gobernar. O cambio é posible e para iso me comprometo a traballar e a ofrecer un programa con propostas reais e executables que revertan o inmovilismo no que se atopa Cospeito e a incertidume na que se atopan os veciños, profundamente castigados polo recortes de servizos públicos do Partido Popular, como é o caso do médico do centro de Muimenta; cuestión esta última á que nos opuxemos en bloque e incluso levamos ao Parlamento de Galicia”, destaca.

Para elo ofrece “a súa dedicación e esforzo, levando a cabo unha xestión de portas abertas e cun proxecto xusto, social e de futuro” porque, di, “este municipio ten oportunidades, con mozos con talento que queren quedarse aquí e cunha economía baseada no sector agrogandeiro que é preciso potenciar”.